

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 6 DE MAIO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Forcarei de treitos do trazado actual e antigo das estradas EP-7001 e EP-7203.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Betanzos para a execución do Plan de sustentabilidade turística do núcleo histórico de Betanzos: o pasado como motor de futuro sustentable no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total dun millón de euros (1.000.000,00€).
- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de mobilidade.
- Acordo polo que se autoriza o expediente gasto de carácter plurianual respecto da convocatoria de 4 bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea na oficina da FGE en Bruxelas e a concesión de pagamentos á conta por un importe superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha dos servizos de asesoramento en Economía Circular Municipal e Industrial en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro de reeducación de Concepción Arenal na Coruña (35 prazas). Importe do orzamento do servizo: once millóns catrocentos trinta e un mil dezasete euros con noventa e sete céntimos (11.431.017,97€). Valor estimado: vinte e sete millóns douscentos cincuenta e catro mil cento vinte e oito euros con setenta e nove céntimos (27.254.128,79€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a xestión integral do Centro de Atención á Discapacidade, titularidade da Xunta de Galicia, Souto de Leixa en Ferrol, para o período 2024-2028. Importe do orzamento: doce millóns setecentos dous mil douscentos oitenta euros con corenta e catro céntimos (12.702.280,44€). Valor estimado total: cincuenta e dous millóns trescentos trinta e sete mil oitocentos noventa e tres euros con oitenta céntimos (52.337.893,80€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024, por un importe total de dez millóns douscentos sesenta e oito mil euros (10.268.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o Ministerio de Defensa do Goberno de España para que os aspirantes dos cursos de mergullo organizados pola consellería poidan realizar as probas de compresión e tolerancia de oxíxeno na cámara hiperbárica da UBUFER da Armada, sita na Estación Naval da Graña-(Ferrol) para o caso de que a cámara hiperbárica de que dispón o IGAFa se atope avariada, non dispoñible, non se atope operativa ou exista calquera outra causa que o faga necesario, cunha dotación plurianual por un importe total de catro mil oitocentos setenta e seis euros con oitenta céntimos (4.876,80 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, para o 2024, susceptibles de cofinanciación pola Unión Europea no marco do programa do Fondo de transición xusta de España 2021-2027.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia en Galicia. 1º trimestre de 2024.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a abordaxe da prevención das meninxites bacterianas inmunoprevibles en Galicia.
- Informe sobre a adquisición dun equipamento de resonancia magnética 1,5 T con destino ao Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe relativo á publicación da colección 'Microguías de emprendemento'.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as ordes de axudas da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, para a compensación por paralización temporal da actividade marisqueira, cofinanciadas co FEMPA 21-27.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE FORCAREI DE VARIOS TREITOS DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS INTEGRADAS NO MUNICIPIO

- Transfírense á Administración local os treitos antigos da estrada EP-7001, no lugar de Pereira, o treito inicial da estrada EP-7203 e o ramal de acceso á Madalena desta mesma estrada
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Forcarei terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Forcarei dos treitos antigos da estrada EP-7001, o treito inicial da estrada EP-7203 e o ramal de acceso á Madalena nesta mesma estrada, integradas no municipio.

Trátase, concretamente, do treito antigo de 125 metros da marxe esquerda da EP-7001, no lugar de Pereira, que comunica A Estrada e Forcarei á altura do quilómetro 17, e do treito antigo de 229 metros da marxe dereita desta mesma estrada, á altura do quilómetro 17+100.

Neste acordo, inclúese a transferencia do treito inicial de 380 metros de lonxitude, da EP-7203, que comunica Soutelo e Covas; así como o ramal desta mesma estrada, na marxe esquerda, de 500 metros de lonxitude, de acceso á Madalena.

O Concello de Forcarei e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destas vías.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade dos trazado actual e antigo das citadas estrada provinciais EP-7001 e EP-7203.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Forcarei tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade, o Concello de Forcarei terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas provinciais EP-7001 e EP-7203, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

Treitos antigos EP-7001 A Estrada - Forcarei



Treito inicial da EP-7203 Soutelo - Covas e ramal de acceso á Madalena:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN INVESTIMENTO DE 1 M€ PARA DOTAR O CONCELLO DE BETANZOS DUN PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA QUE REFORCE O SEU NÚCLEO HISTÓRICO

- O Consello autoriza o convenio con este concello que inclúe, entre outras accións, a rehabilitación sustentable de edificios de uso público ou sinalización intelixente
- É unha das oito estratexias en destino do Plan territorial de sustentabilidade turística en núcleos históricos e vilas termais deseñado polo Goberno autonómico

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración co Concello de Betanzos para a posta en marcha do Plan de sustentabilidade turística cun investimento de 1M€ que se desenvolverá desde este ano ata o 2026. É a quinta estratexia de sustentabilidade en destino autorizada en Consello da Xunta dentro do Plan territorial de núcleos históricos e vilas termais deseñado polo Goberno autonómico con fondos europeos Next Generation que botou a andar este ano.

Este plan de sustentabilidade turística inclúe, entre outras accións, a posta en marcha dun centro de interpretación ao aire libre do núcleo histórico, a creación de rutas temáticas ou a rehabilitación sustentable do edificio anexo ao mercado. Tamén se prevén medidas de iluminación eficiente, un plan de sinalización intelixente ou un plan de seguridade e de uso público da torre municipal do reloxo, entre outras.

Ademais deste convenio con Betanzos e dos autorizados con Tui, con Vigo para a Vila de Bouzas, con Allariz ou Deputación de Ourense, tamén se inclúen dentro do Plan territorial de sustentabilidade turística de núcleos históricos e vilas termais os que se irán autorizando proximamente como o centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra; o plan Mar de Santiago e Ribeira Sacra. O Plan territorial inclúe, ademais, a posta en marcha de medidas destinadas ao sector e aos concellos, a través de liñas de axudas que se irán deseñando ao longo deste ano.

O Plan de vilas termais e núcleos históricos é o terceiro que a Xunta de Galicia pon en marcha cos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo, tras o Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral (2022-2024) e o de enogastronomía (2023-2025).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA DE MOBILIDADE PARA GARANTIR DESPRAZAMENTOS SUSTENTABLES CO APOIO DA INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

- Resalta que estará dotada de 420 M€ para implantar un centenar de medidas ata 2050 que fomenten unha mobilidade máis “sostible, segura e funcional”
- Salienta que, entre os principais obxectivos, está “reducir a necesidade de desprazamentos, as distancias, as emisións e os accidentes”
- Búscase que o 90 % de poboación estea a menos de 30 minutos da cabeceira da súa área sanitaria e que o 30 % das viaxes non sexan motorizadas no ano 2030
- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes afirma que vanse mellorar as conexións ferroviarias e estender os puntos de recarga rápida para os vehículos eléctricos nas estradas
- Tamén haberá medidas no transporte público para facilitar os pagamentos, a reserva de prazas ou os billetes combinados entre varios medios de transporte

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou que o Consello aprobou hoxe a Estratexia galega de Mobilidade, a folla de ruta a seguir ata 2050 para “garantir uns desprazamentos máis sostibles, seguros e funcionais” que estará dotada de 420 millóns de euros para implantar “un centenar de medidas”.

A estratexia contén un plan de acción que implica as diferentes administracións públicas, a autonómica, a estatal e a local, para facilitar os desprazamentos das persoas e mercadorías, apoiar a competitividade do territorio e transformar os patróns de mobilidade. Preséntase como un instrumento de planificación da mobilidade en Galicia, para deseñar solucións que permitan transformar o actual modelo nun máis funcional, máis sustentable e máis seguro, apoiándose na innovación tecnolóxica. Tal e como indicou o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, a finalidade é deseñar xa “a mobilidade que Galicia quere para o futuro inmediato”.

Esta iniciativa avoga por unha mobilidade de baixas emisións, promovendo o transporte público, a intermodalidade e os desprazamentos non motorizados dunha maneira efectiva como parte da loita contra o cambio climático.

Neste sentido, a Estratexia estará aliñada cos compromisos internacionais en materia de desenvolvemento sustentable, como os Obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas e o Acordo de París, así como cos principios do Pacto verde europeo ou coa Estratexia galega de cambio climático e Enerxía 2050.

Obxectivos

Tal e como explicou Rueda, a Estratexia consta de 4 obxectivos globais: “reducir a necesidade de desprazamentos, a distancia dos traslados, as emisións contaminantes e os accidentes de tráfico”.

De xeito máis concreto, estes obxectivos deben contribuír a que “o 90 % de poboación estea a menos de 30 minutos da cabeceira da súa área sanitaria ou a menos de 15

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

minutos da rede viaria de altas prestacións”. As medidas que se van desenvolver tamén deben posibilitar que “o 30% dos desprazamentos que fagan os galegos no 2030 sexan non motorizados; acadar as cero emisións en 2050 ou reducir un 5% os desprazamentos por estrada en 2050 respecto a 2019”, engadiu Calvo.

O novo modelo de mobilidade proposto para Galicia está enmarcado na consecución destes obxectivos globais que permitirán a implantación das medidas que a Estratexia galega de mobilidade propón alcanzar ata 2050. Para garantir a adaptación da Estratexia á mobilidade real propónse unha primeira revisión en 2030 e tres revisións máis cada 5 anos.

En relación cos investimentos asociados á Estratexia galega de mobilidade, considéranse necesarios case 420 M€ para as políticas específicas para garantir o cumprimento dos seus obxectivos. Ademais, a Estratexia recolle outras actuacións previstas polo Goberno galego en aplicación doutros instrumentos de planificación independentes pero aliñados co fomento da mobilidade sustentable: o Plan de transporte público de Galicia, a Estratexia loxística de Galicia e os investimentos en materia de estradas. Dese xeito, o investimento autonómico ascenderá a 2.500 M€ tan só ata 2030.

Plan de acción con 99 medidas

Os obxectivos globais anteriormente citados desenvolveranse mediante un plan de acción que contará con 99 medidas.

Entre as iniciativas máis destacables cabe salientar, primeiro, a redacción do Plan director de infraestruturas da mobilidade sustentable de Galicia, que planifique e especialmente coordine entre administracións as actuacións de sendas peonís e ciclistas ou puntos de intercambio modal.

Para o fomento dunha mobilidade non motorizada, a Estratexia inclúe medidas para fomentar o uso de vehículos de mobilidade persoal –como axudas para a compra de bicicletas, por exemplo- ou a execución de aparcadoiros seguros para este tipo de vehículos, en especial nas estacións intermodais.

Ademais, a Xunta vai seguir impulsando a construción de aparcadoiros disuasorios tanto no rural coma nos entornos metropolitanos e habilitar camiños escolares seguros para que os rapaces poidan ir camiñando ao colexio.

Por outra banda, a Estratexia inclúe tamén medidas para seguir impulsando o uso do transporte público. Para iso, queremos levar a cabo actuación que promovan o acceso á alta velocidade ferroviaria desde as 7 cidades, así como a mellora dos servizos de ferrocarril de proximidade. Ademais estudiarase a posibilidade de ampliar o transporte de ría a outros puntos de Galicia como Ferrol ou Muros.

Outra das medidas será implantar zonas de baixas emisións para reducir o uso de vehículos contaminantes, elaborar un Plan de transporte ao traballo para fomentar ir en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

transporte público ou ampliar os puntos de recarga rápida de vehículos eléctricos nas estradas.

Ademais vaise promover unha mellora na xestión dos servizos da mobilidade: con aplicacións ou sistemas que permitan maior facilidade nos pagamentos e na reserva ou coa comercialización de billetes combinados (tren, autobús, barco...).

A maiores das actuacións para o fomento da mobilidade sustentable que se executarán directamente en aplicación da Estratexia, promoveranse outras intervencións aliñadas co Plan de transporte público de Galicia, o Plan director de estradas de Galicia, o Plan sectorial de infraestruturas loxísticas de Galicia e o Plan director de infraestruturas de fomento da mobilidade sustentable de Galicia.

Traballo de campo

A Estratexia galega de mobilidade está conformada por unha memoria, un documento resumo, tres documentos en que se desenvolven os resultados da citada iniciativa e un modelo de transporte.

A memoria analiza a situación actual da mobilidade en Galicia, realizando un diagnóstico, definindo os obxectivos e enunciando as actuacións propostas para desenvolver a Estratexia.

En canto aos documentos, o primeiro detalla a análise da mobilidade en que se estudan as condicións ambientais, socioeconómicas, de equipamentos ou de seguridade viaria e se avalía o sistema de transportes; o segundo achega o diagnóstico, os obxectivos e as liñas estratéxicas, realizando unha análise das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da situación actual da mobilidade en Galicia, e o terceiro proxecta o plan de acción, incluíndo unha ficha descritiva e explicativa de cada unha das actuacións propostas para desenvolver a Estratexia.

Pola súa banda, a elaboración do modelo de transporte a medida de toda a Comunidade Autónoma permitirá avaliar o impacto sobre a mobilidade e o tráfico das actuacións que se pretendan acometer nos próximos anos en distintos escenarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA CATRO BOLSAS DE FORMACIÓN EN ASUNTOS EUROPEOS NA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

Das catro bolsas autorizadas hoxe no Consello da Xunta, dúas están relacionadas coa formación de asuntos comunitarios, outra coa comunicación das políticas comunitarias, ademais dunha bolsa para a realización de prácticas de apoio administrativo

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da Fundación Galicia Europa (FGE) de catro bolsas destinadas a titulados universitarios ou con título de técnico superior de formación profesional para formarse en asuntos relacionados coa Unión Europea na oficina da fundación en Bruxelas. O importe total das catro bolsas ascende a 71.024 euros.

Trátase dun programa anual que a FGE leva a cabo cada ano para potenciar o coñecemento sobre asuntos comunitarios desde unha perspectiva galega.

Do total de catro bolsas, tres estarán dirixidas a persoas cun título universitario, e a outra para técnicos superiores de formación profesional.

Das destinadas aos titulados universitarios, dúas son para a formación xeral en asuntos comunitarios e unha para a formación en comunicación das políticas comunitarias e da participación galega en asuntos europeos.

A bolsa destinada a técnicos superior de formación profesional será para a realización de prácticas de secretariado e apoio administrativo. O programa formativo das bolsas terá unha duración máxima de 11 meses.

Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa (FGE) é unha entidade instrumental do sector público autonómico creada en 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Conta con dúas oficinas: unha presente en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, formando parte esta última das preto de 300 delegacións rexionais establecidas na capital comunitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 4 M€ A PRESTAR ASESORAMENTO TÉCNICO PROFESIONAL A CONCELLOS E EMPRESAS PARA SITUAR A GALICIA NA VANGARDA DA TRANSICIÓN ECOLÓXICA EUROPEA

- O Consello foi informado da posta en marcha de dous novos servizos especializados en economía circular para acelerar o cambio a un modelo baixo en carbono
- Apoiaranse en expertos de prestixio para acelerar a superación do sistema produtivo lineal e impulsar accións para o aforro dos recursos e a xestión eficaz dos residuos
- Este novo servizo de consultoría ofrecido polo Goberno galego tamén prevé a creación dun observatorio autonómico para visualizar os principais indicadores, estudos e informes que axuden a monitorizar os avances da Comunidade neste eido
- A medida enmárcase nos principios e obxectivos da Estratexia de Economía Circular e da Estratexia de Cambio Climático e Enerxía, e virá complementar o servizo de *Galicia resiliente*, que se adxudicará no mes de maio e axudará aos concellos adheridos ao Pacto das alcaldías e ás entidades socias da Alianza galega polo clima a impulsar proxectos innovadores fronte ao quecemento global e aos seus efectos

A Xunta destinará case 4 millóns de euros a impulsar un novo servizo de asesoramento técnico especializado á disposición das entidades locais e das empresas interesadas co reto de acelerar o cambio en Galicia cara a un modelo económico circular e baixo en carbono que a sitúe entre as rexións na vangarda da transición ecolóxica europea.

A tal fin, o Consello tomou razón esta mañá da próxima posta en marcha de dous novos servizos en liña especializados en economía circular —un deles municipal e o outro industrial—, que se encargarán de ofrecer apoio profesional gratuito e realizar labores de consultoría ao máis alto nivel de forma telemática ou ben mediante visitas presenciais aos concellos interesados.

A tal fin, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sacará a licitación pública o novo servizo antes de que remate o mes de maio coa intención de que poida estar operativo e empezar a funcionar en liña nos próximos meses.

Para lograr os seus obxectivos, contarase co apoio dun panel de expertos no ámbito local e no industrial —especializados en materias tales como sostibilidade ambiental, economía circular e xestión de residuos— para acelerar o cambio do sistema produtivo lineal ao circular e as economías baixas en carbono, e promover sistemas avanzados para o aforro de recursos e a xestión dos residuos municipais. Ademais, disporá dun equipo técnico de asistencia presencial nos concellos para realizar visitas *in situ*.

Así, o novo servizo de economía circular municipal terá como finalidade asesorar ás administracións locais e optimizar a xestión que fan dos residuos municipais da súa competencia para adaptala aos principios de xestión eficiente e aforro de recursos.

O servizo de asesoramento industrial, pola súa banda, buscará facilitar o impulso de proxectos empresariais sostibles que aposten polo crecemento verde, polo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aproveitamento dos residuos en novos recursos antes de desbotalos e pola redución das emisións contaminantes, en liña cos obxectivos de neutralidade climática.

Nos dous casos fomentárase a participación dos axentes involucrados e a creación de grupos de traballo para promover proxectos colaborativos no eido da economía circular. Tamén se identificarán boas prácticas tanto a nivel municipal como industrial e se procurarán oportunidades de financiamento e desenvolvemento tecnolóxico na materia.

Ambos servizos ocuparanse tamén de organizar seminarios, xornadas formativas, obradoiros e foros específicos sobre residuos municipais, economía circular e biocircularidade no ámbito industrial, ademais de asumir a elaboración de contidos técnicos e de educación ambiental para guías, manuais ou códigos de boas prácticas neste eido e de brindar soporte e apoio á Consellería competente á hora de redactar documentos programáticos ou de deseñar actuacións en materia de residuos.

Terceira liña de traballo: sensibilización e formación

Ademais, a terceira liña de traballo desta nova canle de asistencia que impulsará a Xunta nos vindeiros meses será implantar a economía circular a través do deseño dunha estratexia integral de comunicación, formación e sensibilización en materia de circularidade, cuestións que resultan tamén indispensables para espertar a responsabilidade colectiva e os hábitos e prácticas sostibles do conxunto da cidadanía.

Neste sentido, tamén se prevé a creación dun Observatorio galego da economía circular, chamado a actuar como unha plataforma de intercambio para visualizar diferentes indicadores, estudos e informes que axuden a monitorizar os avances que se vaian producindo en Galicia neste eido e comprobar se na práctica se está a avanzar de cara á superación do modelo produtivo lineal de usar e tirar.

En definitiva, con este servizo consultor de apoio ás entidades locais e ás empresas galegas a Xunta eleva a prioridade a correcta xestión dos residuos no actual proceso de transición ecolóxica, no que os residuos se convierten en recursos, e tamén na loita contra o cambio climático, apostando por un sistema produtivo baixo en carbono, polo que supón un claro exemplo do compromiso do Goberno autonómico co obxectivo de levar a Galicia á primeira liña do crecemento verde, sostible e innovador.

O contrato contará cun orzamento de licitación de 3,88 millóns de euros, cofinanciados con fondos do programa FEDER e propios da Xunta, e terá unha duración de cinco anos, polo que tanto os servizos técnicos de asesoramento así como a estratexia integral de sensibilización e o observatorio asociados a este servizo terán un horizonte temporal se execución que se estenderá ata o ano 2029.

Aposta pola sostibilidade ambiental

Esta actuación enmárcase na aposta pola excelencia e a sostibilidade ambiental que caracterizou as políticas da Xunta nos últimos anos e que se plasmou no ano 2019 na aprobación da Estratexia de Economía Circular 2030 e da Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050, as follas de ruta a seguir na comunidade neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste contexto e tendo en conta a importancia da acción local para avanzar cara ao obxectivo da neutralidade climática, o Executivo autonómico apostou tamén por impulsar o Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía, asumindo o papel de coordinadora da iniciativa en Galicia e logrando implicar na actualidade a un total de 288 concellos.

Así mesmo, en 2022 puxo en marcha a Alianza galega polo clima para tratar de implicar a administracións públicas, sector empresarial e tecido social no impulso de solucións conxuntas e de medidas de mitigación e adaptación aos efectos do quecemento global.

Co fin de darlle un pulo a ambas iniciativas e brindar o seu apoio a todas as entidades do sector público e privado implicadas na busca de solucións ao cambio climático, a Xunta ultima tamén a posta en marcha de *Galicia resiliente*, un servizo pioneiro de asesoramento altamente especializado que axudará aos concellos adheridos ao Pacto así como aos asinantes da Alianza polo clima a impulsar proxectos que incrementen a resiliencia da comunidade ante o quecemento global e a buscar vías de financiamento.

Esta asistencia en materia de cambio climático adxudicarase previsiblemente antes de que remate o mes de maio, polo que unha vez se poñan en marcha tamén os dous novos servizos técnicos de economía circular dirixidos a concellos e empresas, Galicia contará cunha completa rede de apoio e consultoría para proxectos relacionados coa xestión eficiente dos residuos e dos recursos e para seguir avanzando cara á neutralidade climática.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 11,4 M€ ATA 2028 NA ATENCIÓN A ADOLESCENTES QUE CUMPREN MEDIDAS XUDICIAIS PRIVATIVAS DE LIBERDADE NO CENTRO CONCEPCIÓN ARENAL DA CORUÑA

Concertarase cunha entidade social a xestión deste servizo para a atención residencial dos menores e o desenvolvemento dun programa de intervención educativa integral

A Xunta investirá 11,4 millóns de euros entre este ano e 2028 no programa de atención residencial e intervención educativa integral no centro de reeducación Concepción Arenal da Coruña, destinado a adolescentes que cumpren medidas xudiciais privativas de liberdade. O Consello de hoxe acordou a convocatoria dun concerto social para a xestión deste servizo, que conta con 35 prazas públicas.

As medidas de internamento persegueo dispoñer dun ambiente coas condicións educativas axeitadas para a reintegración do menor. As actuacións que se realizan neste centro teñen como obxectivo que os internos adquiran as habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración unha vez finalizada a medida xudicial, evitando a reincidencia.

O Concepción Arenal é un dos catro centros deste tipo con que conta a Xunta de Galicia, nos cales os adolescentes permanecen en réxime de internamento. Os outros tres son: Monteledo e Montefiz (en Ourense) e Avelino Montero (en Pontevedra).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 12,7M€ PARA CONSOLIDAR 150 PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL E DIÚRNA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO CENTRO SOUTO DE LEIXA DE FERROL

O xestión destes servizos farase a través dun concerto social, que terá unha duración inicial de catro anos

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo concerto social no ámbito da discapacidade para consolidar 150 prazas públicas de atención residencial e diúrna no centro Souto de Leixa de Ferrol. O orzamento desta convocatoria é de 12,7 millóns de euros e terá unha vixencia inicial de catro anos prorrogables ata un máximo de dez.

A través deste concerto social, o Goberno galego incrementa unha media dun 25 % o investimento nestas prazas con respecto ao contrato actual. Ademais de garantir a continuidade do servizo, con esta medida favorécese unha atención de calidade aos usuarios do centro e ás súas familias.

Unha vez se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), as entidades sociais terán un mes para presentar as súas propostas. Prevese que o concerto estea operativo a partir do verán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 10,3 M€ EN PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO PRIMANDO PROXECTOS INNOVADORES OU A PROL DA CONCILIACIÓN PARA MELLORAR A OCUPACIÓN DOS GALEGOS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para os anos 2024 e 2025, coa previsión de que se beneficien unhas 4.600 persoas a través de entidades locais e organizacións sen ánimo de lucro
- Cada programa integrado de emprego terá 100 participantes dos cales un 35 %, como mínimo, deben ser inseridos no mercado laboral durante a execución do proxecto
- O Goberno galego quere potenciar -entre outros- proxectos que empreguen as novas tecnoloxías e que estean vencellados ao territorio
- Entre 2009 e 2023 máis de 55.000 persoas participaron nesta iniciativa á cal a Xunta destinou máis de 100 millóns de euros

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que, cun orzamento próximo aos 10,3 millóns de euros, prevé que se poñan en marcha uns 46 programas integrados de emprego (PIE) por un período de 12 meses co obxecto de beneficiar unhas 4.600 persoas desempregadas que recibirán información, orientación, asesoramento e formación para incrementar a súa inserción laboral. Do orzamento que se distribuirá entre este ano e o que vén, uns 4 millóns serán axudas para concellos e 6.268.000 euros para entidades sen ánimo de lucro.

No caso das entidades locais, poderán solicitar os apoios concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello sempre que a titularidade corresponda integramente a este. Tamén agrupacións de municipios limítrofes ou dunha mesma comarca. Nesa liña, a Xunta primará os proxectos de xestión compartida co gallo de acadar unha maior eficacia no desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego.

Así mesmo, na convocatoria primaranse os proxectos innovadores en relación co perfil dos colectivos a que se dirixan e os que se caractericen pola utilización de novas tecnoloxías ou pola existencia de medidas de conciliación da vida familiar e laboral. Tamén se valorará a relación do proxecto co tecido empresarial do territorio onde se levará a cabo o programa.

Persoas beneficiarias

Cada programa integrado de emprego estará formado por 100 persoas en paro, que deben constar inscritas como desempregadas no Servizo público de emprego de Galicia e das cales, como mínimo, deben ser inseridas no mercado laboral o 35 % durante a execución do proxecto. O programa inclúe unha bolsa de 10 euros por día e demandante pola asistencia á formación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como en anteriores convocatorias, a Xunta trata como colectivos prioritarios para atender por medio dos PIE as persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas menores de 30 anos con baixa cualificación, persoas migrantes cunha autorización de residencia temporal por motivo de arraigamento para a formación, persoas menores de 30 anos cualificadas, persoas maiores de 45 anos, persoas desempregadas como consecuencia dun expediente de regulación de emprego de carácter extintivo presentado nos 12 meses anteriores, persoas desempregadas de longa duración, persoas inmigrantes e mulleres.

Nese senso, cómpre sinalar que se reservan 2 millóns de euros do total da convocatoria para financiar programas dirixidos en exclusiva a mulleres desempregadas, co obxecto de que reciban atención específica que lles permita a súa incorporación no mercado laboral.

Como son os PIE

Os programas integrados de emprego deben ter por obxecto o desenvolvemento de proxectos integrais que combinen accións de diversa natureza como información, orientación e asesoramento, formación para o emprego nas especialidades do Catálogo de especialidades do Servizo de Emprego Público Estatal (SEPE), técnicas de motivación para o emprego e intelixencia emocional, habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora, prospección empresarial, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

En concreto, a Xunta subvenciona os custos salariais e de Seguridade Social do persoal necesario para levar a cabo as accións do programa (tanto persoal propio da entidade como o que contrate especificamente para a execución do programa) así como as axudas de custo e desprazamento dese persoal, as bolsas de asistencia ás persoas participantes no programa, os gastos de subcontratación da formación, os gastos xerais, materiais e técnicos, os da persoa auditora e o de amortización de materiais e equipamentos técnicos necesarios para impartir a formación con límites establecidos na orde.

Cómpre destacar que entre os anos 2009 e 2023 máis de 55.000 persoas participaron en programas integrados de emprego, nos cales a Xunta investiu máis de 100 millóns de euros. Estes programas enmárcanse nas medidas en materia de formación para o emprego e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación, buscando a inserción laboral dos participantes. Nesa dirección, o Goberno autonómico investirá este ano 117 millóns de euros no Plan galego de formación para o emprego, no cal se inclúen os PIE, entre outras iniciativas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE DEFENSA PARA A UTILIZACIÓN DA CÁMARA HIPERBÁRICA DA UNIDADE DE MERGULLO DE FERROL (UBUFER)

- O Consello da Xunta autorizou a súa sinatura que permitirá a súa utilización para a realización das probas de compresión e tolerancia de oxíxeno hiperbártico necesarios para o acceso aos cursos de mergullo profesional
- O novo acordo de colaboración substitúe o anterior asinado en 2016, adáptase ao establecido na Lei do réxime xurídico do sector público, recolle un desembolso dun máximo de 4.876,80 euros ata o ano 2027 segundo o número de cursos celebrados

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Ministerio de Defensa co obxectivo de establecer o marco no cal os aspirantes aos cursos de mergullo profesionais organizados polo Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) poidan realizar na cámara hiperbárica da Armada Española na Estación Naval da Graña en Ferrol as probas de compresión e tolerancia de oxíxeno hiperbárico exixidas pola normativa vixente para acceder a esta formación.

Este acordo, que substitúe o asinado en 2016 e se adapta ao establecido na Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público, recolle un desembolso máximo de 4.876,80 euros por parte da administración autonómica ata o ano 2027 para a realización de ata 6 cursos ao ano, segundo o número de cursos que teñan que recorrer a este recurso. O documento habilita a utilización deste equipamento no caso que a cámara hiperbárica do IGafa estea avariada, non dispoñible, non se atope operativa ou exista calquera outra causa que o faga necesario. Deste xeito, queda garantido a dispoñibilidade de equipamentos alternativos seguros ante eventuais incidencias, axudando que non afecten a celebración das accións formativas.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro potencia con este convenio o traballo desenvolvido no ámbito da formación pesqueira polo IGafa que desde o 2005 é un centro de formación ocupacional na área da acuicultura e que en 2019 foi recoñecido como centro de referencia nacional (CNR) nas áreas profesionais de acuicultura e mergullo. Esta formación é posible pola cualificación dos seus formadores e pola posibilidade de contar cunhas excelentes instalacións e equipamentos, sendo o único centro de Galicia e dos poucos de España que proporciona a dita formación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 7 M€ A IMPULSAR PROXECTOS SINGULARES DE MELLORA DA SUSTENTABILIDADE ENERXÉTICA NO SECTOR INDUSTRIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

- Rueda resalta que se financian co Fondo de Transición Xusta, destinado ás zonas máis afectadas pola descarbonización como é o caso da provincia coruñesa tras o peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama
- O obxectivo é contribuír a creación ou mantemento de 150 postos de traballo, mobilizar 15 M€ e acadar unha redución na emisión de gases de efecto invernadoiro equivalente á plantar 165.000 árbores

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai destinar 7 millóns de euros “a impulsar proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña”. Os apoios, que se financian co Fondo de Transición Xusta, permitirán un aforro enerxético anual superior a 3.100 MWh e unha redución na emisión de gases de efecto invernadoiro de 3.300 toneladas de CO₂ ao ano, o equivalente a plantar 165.000 árbores.

Estas axudas favorecerán a mobilización de 15,5 millóns de euros e contribuirán á creación ou mantemento de máis de 150 postos de traballo. Neste sentido, priorizarase a creación de emprego nos concellos máis afectados polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama (Cerceda), con especial apoio á xeración de postos de traballo para colectivos de interese.

Os apoios, que poden chegar aos 3 millóns de euros por proxecto, son de ata o 45 % do investimento subvencionable no caso dos proxectos de grandes empresas, mentres que no caso das pemes serán do 45 % ou do 55 % en función da porcentaxe de redución de emisións xustificada.

Con estas axudas do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) búscase incentivar a transformación ecolóxica da actividade industrial de cara a unha economía baixa en carbono, e a súa competitividade nun mercado global, diminuindo o consumo de enerxía e promovendo a introdución da mellor tecnoloxía dispoñible.

Rueda destacou que esta nova liña de axudas está enmarcada nos “111 millóns de euros asignados a Galicia no Fondo de Transición Xusta” para promover diferentes iniciativas que axuden a recuperar a economía da provincia da Coruña, afectada principalmente polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama.

É dicir, estas axudas que se enmarcan na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e na Axenda Enerxética de Galicia 2030 contribúen a reactivar e dinamizar a economía da provincia tras o peche das centrais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA XA ADXUDICOU 985 M€ DOS FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

- O Consello do Goberno galego valorou hoxe o informe de execución do mecanismo a finais do primeiro trimestre de 2024
- Preto de 41.000 persoas e case 5.000 entidades beneficiáronse destes fondos
- Volve reclamar que “se cambie unha vez máis o sistema tan centralizado no reparto” dos fondos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que o Goberno galego xa adxudicou 985M€ de fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) desde a posta en marcha do plan de recuperación. Así, o Executivo autonómico autorizou a publicación de convocatorias por importe de 1.097M€ e adxudicou o 90%, o que supón “un grado de execución moi razoable”, tal e como sinalou o titular da Administración.

Segundo o informe analizado hoxe na reunión do Consello, na actualidade, a suma dos recursos do MRR asignados polo Goberno central á Administración galega ascenden a 1.545 M€, o 5,8 % do distribuído entre as comunidades autónomas, o que supón menos recursos dos que corresponderían á comunidade por PIB *per cápita*. Desa cantidade, “foron transferidos á Xunta 1.430 M€, polo que faltaría por chegar o 8%”, indicou. Hai que lembrar que estes fondos pódense executar ata o ano 2026.

Ademais, unhas 48.000 persoas e case 5.000 entidades e sociedades, beneficiáronse dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia executados polo Goberno galego ata finais do primeiro trimestre de 2024.

As actuacións concéntranse nas compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia relacionadas coa mobilidade sustentable, as enerxías renovables, as políticas públicas para o mercado de traballo, a renovación e ampliación do Sistema Nacional de Saúde, a implantación da Axenda Urbana, a dixitalización, a modernización do sistema educativo, a economía dos coidados e a inclusión social.

“Somos moi reivindicativos para pedir axilizar os fondos retidos do Goberno Central e para poder facer esta esixencia temos que ser meticulosos e áxiles”, asegurou.

Neste sentido, con respecto á dotación dos PERTES, cos que se financian os proxectos transformadores público-privados, dos máis de 41.000 M€ anunciados e de xestión exclusiva do Goberno central, tan só se publicaron 21.224 M€, é dicir, o 52%. Destes, ademais, só se adxudicaron 13.421 M€, que representan o 33% dos fondos destinados a proxectos estratéxicos. Deste importe, o 4,6% corresponde a proxectos en territorio galego, 615,5 M€.

“Evidentemente, hai unha diferenza entre a adxudicación que fai a Xunta e o Goberno central e por iso volvemos reclamar que se cambie unha vez máis o sistema tan centralizado no reparto deses fondos”, apuntou Rueda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ A PROTECCIÓN FRONTE AO PNEUMOCOCO DE 15.000 BEBÉS NADOS EN 2022 COA VACINA 20-VALENTE

- A Consellería de Sanidade decide incrementar a inmunización das nenas e nenos de 2 anos xa vacinados no seu momento coa 13-valente, aplicándolles agora a 20-valente, que inclúe novos serotipos e achega unha protección 4 veces maior
- Este mes de maio iníciase a vacinación nos centros de saúde para aumentar a protección destes menores e, de forma indirecta, do resto da poboación
- Galicia inviste en 2024 preto de 40 M€ para ofrecer o calendario de vacinación máis completo do mundo

A Xunta iniciará este mes de maio a recaptación de 14.850 nenas e nenos nados en 2022 para seren protexidos fronte á enfermidade pneumocócica invasora (onde se inclúe a meninxite) coa vacina 20-valente que recentemente foi autorizada para menores de idade e incluída pola Consellería de Sanidade no calendario galego de vacinación.

Así se desprende do informe da abordaxe da prevención das meninxites bacterianas inmunoprevibles en Galicia que foi abordado hoxe polo Consello da Xunta.

Deste xeito, bebés nados en 2022 aos que se puxo no seu momento a vacina 13-valente fronte ao pneumococo, recibirán agora unha dose da inmunización 20-valente que inclúe serotipos adicionais.

O obxectivo da abordaxe da Dirección Xeral de Saúde Pública é aumentar a protección directa de nenas e nenos fronte á enfermidade polos serotipos adicionais incluídos nesta nova vacina e, de forma indirecta, para a poboación non vacinada, dado que os bebés son altos transmisores.

A importancia da protección desta franxa de idade está avalada polo seguimento epidemiolóxico en materia de saúde pública que constata que, no período 2019 a 2023, o maior número de casos de enfermidade pneumocócica invasora, en poboación pediátrica, se produciu en menores dun ano e, a continuación, dos de 1 e 2 anos de idade. Concretamente no ano 2023 a incidencia no grupo de menores de 2 anos foi de 3,4 casos por 100.000 habitantes.

Esta campaña especial, que finalizará o 31 de decembro, desenvolverase nos puntos de vacinación habituais. O valor aproximado destas vacinas ascende a 673.000 euros, polo que a achega da Consellería de Sanidade nas vacinas que protexen fronte á meninxite supera os once millóns de euros. Con todo, o investimento completo da Xunta no Programa Galego de Vacinación supón preto dos 40 millóns de euros e mantén a Galicia co calendario de inmunización universal e gratuíto máis completo do mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cobertura pioneira fronte ao meningococco e pneumococo

Galicia situouse á vangarda á hora de introducir no calendario de inmunización ao longo de toda a vida todas as novidades terapéuticas fronte ao pneumococo e ao meningococco.

Na actualidade, adminístrase a vacina antipneumocócica 20-valente a grupos de risco, a todas as persoas cando chegan aos 65 anos e, desde o 15 de abril, a Xunta substituíu a 13-valente por esta vacina con maior cobertura tamén no caso de menores de idade.

Estímase que a vacina 20-valente pode chegar a proporcionar unha protección catro veces maior que a 13-valente, tendo en conta os serotipos que circulan na nosa comunidade. Segundo os datos de vixilancia epidemiolóxica da Consellería de Sanidade, o 60% dos casos de enfermidade pneumocócica invasiva, incluídas as formas máis graves como a sepsis e a meningite, son debidos a serotipos que están presentes na nova vacina.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN E POSTA EN MARCHA DUN NOVO EQUIPAMENTO DE RESONANCIA MAGNÉTICA PARA O HOSPITAL DE CONXO

- O novo equipamento contará cun importe de licitación de 1.476.200 euros e permitirá mellorar os diagnósticos e seguimento dos pacientes oncolóxicos, así como os estudos e imaxes vinculadas ao músculo esquelético
- Previamente á instalación do equipamento de resonancia, a Xunta executará as obras de acondicionamento que require a sala en que se localizará, que suporán un investimento de 383.270 euros
- A nova resonancia magnética permitirá ampliar nun 20 % o número de probas anuais, superando así as 5.000 resonancias ao ano
- Prevese que o novo equipamento estea instalado no hospital antes de que remate o ano

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Sanidade relativo á renovación dun equipamento de resonancia magnética con destino ao Hospital Médico-cirúrxico de Conxo. A actuación de adquisición do equipamento e acondicionamento do espazo necesario suporá, no seu conxunto, un investimento da Xunta de 1.859.470 euros.

En concreto, o novo equipamento será licitado por importe de 1.476.200 euros, ao que hai que engadirlle unha partida de 383.270 euros, necesaria para executar as obras precisas para a súa instalación.

Con este expediente, a Xunta continúa a avanzar no plan de renovación e modernización do equipamento nos centros sanitarios co obxectivo de optimizar a calidade asistencial que o Servizo Galego de Saúde lle ofrece á poboación galega.

A nova resonancia magnética realizará todo tipo de exploracións rutineiras aos pacientes Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, malia que se centrará, fundamentalmente, no diagnóstico e seguimento oncolóxico e nas exploracións vinculadas ao músculo esquelético.

O equipo está situado dentro da banda tecnolóxica avanzada, ao contar cunha intensidade de campo de 1,5 teslas e dotado coas ferramentas máis avanzadas baseadas en intelixencia artificial, para acadar uns estudos e unhas imaxes con maior rapidez e resolución.

Estímase que o número de estudos anuais que se poderán facer con este novo equipamento superará a cifra das 5.000 ao ano ou, dito doutro xeito, posibilitará incrementar o número de probas anuais nun 20 %, en comparación co equipamento que posúe actualmente o hospital de Conxo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como paso previo á instalación do equipamento será preciso realizar unha obra de acondicionamento na sala de resonancia magnética do Servizo de Radiodiagnóstico do centro hospitalario. Ese espazo está situado no andar -1 do Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo e conta cunha superficie total de 155,13 m².

A actuación que se vai realizar, polo tanto, implicará a adaptación do espazo existente na actualidade, para dar resposta ás prescricións técnicas recollidas no proxecto técnico.

A previsión é que o novo equipamento estea instalado no hospital antes de que remate o ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A POSTA EN MARCHA DE EMPRESAS EN GALICIA CON MICROGUÍAS DE EMPRENDEMENTO PARA A DIVERSIFICACIÓN DE NEGOCIOS A TRAVÉS DA REDE DE POLOS

- O Consello da Xunta coñeceu esta nova páxina web habilitada hoxe no marco da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que conta xa con 13 centros activos no territorio (<https://polosemprendemento.gal/info/microguias-emprendemento>)
- Para consolidar Galicia como rexión emprendedora, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración porá a disposición das persoas interesadas unha colección de ata 16 guías que buscan incentivar a creación de negocios na Comunidade
- Así, recóllense as características ou vantaxes de establecerse como empresario autónomo ou de impulsar distintos tipos de sociedades, cooperativas, comunidades de bens, empresas de inserción laboral ou centros especiais de emprego
- Tamén se explican cuestións como os pormenores para a transmisión de negocios, na liña do Plan de remuda implementado na Rede de polos no que xa se incluíron un cento de negocios galegos e que contará cunha orde de axudas específica
- Desde a apertura do primeiro centro en xullo de 2022, os Polos de emprendemento levan atendido uns 1.800 proxectos no conxunto de Galicia, un 20% deles procedentes de galegos retornados ou de estranxeiros que queren establecerse na nosa terra

O Consello da Xunta coñeceu unha nova páxina web habilitada hoxe no marco da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que conta xa con 13 centros activos en Galicia (<https://polosemprendemento.gal/info/microguias-emprendemento>) que porá a disposición da cidadanía ata 16 microguías de emprendemento para impulsar a posta en marcha de empresas e, con ela, a dinamización do territorio e a xeración de riqueza. Para consolidarnos como rexión emprendedora, explícanse en concreto as características ou vantaxes de distintos tipos de negocio, ademais de cuestións como a transmisión de empresas en funcionamento na liña do Plan de remuda implementado na Rede de polos para asegurar a continuidade do tecido produtivo.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén de publicar unha colección de 10 guías de utilidade para poñer en marcha e xestionar un negocio, que se irán incrementando ata acadar un total de 16 e que -en paralelo- se distribuirán de xeito físico entre os colectivos de interese, así como nos Polos de emprendemento abertos. Primeiramente, contéplase orientación para establecerse como persoa empresaria individual ou autónoma, para impulsar unha comunidade de bens ou unha sociedade civil. Tamén se dá conta dos detalles para emprender mediante unha sociedade limitada ou anónima.

Para darlle un pulo á economía social, recóllense ata cinco guías neste apartado: trátanse as particularidades das cooperativas de traballo asociado, os centros especiais de emprego, as sociedades limitadas laborais, as sociedades anónimas laborais e as empresas de inserción laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos casos xa mencionados, as microguías recollen aspectos como descrición, definición e características do negocio, vantaxes e inconvenientes e tipoloxías, de ser o caso. Tamén pormenores para a constitución e posta en marcha da empresa, obrigas fiscais ou normativa aplicable.

A maiores, existe outra guía concibida para promover a transmisión de negocios en funcionamento, na liña do Plan de remuda implementado ao abeiro da Rede de polos no que xa se incluíron un cento de empresas co gallo de garantir a súa continuidade no seo do tecido produtivo galego. Esta guía complementa o traballo que está a executar nos 13 Polos activos o persoal técnico da Rede, asesorando para que persoas interesadas poidan facerse cargo de negocios que vaian pechar e que se complementará cunha orde de axudas proximamente, co gallo de fomentar estes procesos de remuda.

Por último, na web publicaranse outras guías xenéricas de utilidade á hora de montar un negocio: sobre tramitación dixital e protección da información, aspectos laborais, aspectos contables básicos, aspectos financeiros e contratos e acordos comerciais. O obxectivo final é facilitar a creación ou transmisión de empresas, como complemento ao traballo inxente e gratuito, e de principio a fin dos proxectos, que ofrecen os técnicos a disposición da cidadanía na Rede de polos de emprendemento.

A Rede de polos

Desde a posta en marcha do primeiro centro en xullo de 2022, abríronse un total de 13 Polos de emprendemento no conxunto do territorio, aos que proximamente se sumarán dous máis en Sarria e Vilanova de Arousa. Ata o de agora, a Rede leva atendido arredor de 1.800 iniciativas empresariais. Por sectores, predominan os servizos, seguidos da hostalaría e de actividades de comercio.

Coas persoas emprendedoras que teñen acudido á Rede -un 60% delas mulleres- lévanse realizado máis de 5.000 titorías. No conxunto de Galicia, téñense realizado arredor de 450 reunións con entidades do territorio, un cento de accións de formación e máis de cen eventos, ademais de ter participado noutro medio cento de eventos externos.

Cómpre engadir que arredor do 20% das persoas que se achegaron ata a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego proceden de fóra de Galicia, xa sexan galegos retornados ou descendentes ou oriundas doutros países sen vinculación directa coa nosa terra. Entre as razóns que os moven a vir á nosa Comunidade, destacan, por esta orde: buscar unha mellor calidade de vida, volver ás súas orixes ou o gusto pola nosa terra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE SETE MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS A ARMADORES E TRIPULANTES AFECTADOS POLA PARALIZACIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA

- O *Diario Oficial de Galicia* publicará en próximos días a convocatoria destas achegas pola veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, de Noia, Pontevedra, Lourizán, Raxó Sanxenxo, Marín e Bueu
- O período da parada nas diferentes zonas foi debatido coas confrarías implicadas e quedou establecido co obxectivo de que a maior parte dos potenciais beneficiarios poidan acollerse a ela
- Estímase que poderán acollerse a esta axudas autonómicas preto dun total de 1.300 potenciais beneficiarios, traballadores das embarcacións da 3ª lista con porto base en Galicia afectados pola paralización da actividade marisqueira

O *Diario Oficial de Galicia -DOG-* publicará nos vindeiros días a orde de axudas destinadas a compensar as persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla, Bohído e Cabío, na ría de Arousa, de Noia, e de Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín, na ría de Pontevedra, así como os profesionais da actividade percebeira en Bueu. Poderán acollerse a estes apoios preto de 1.300 profesionais aos cales a Consellería do Mar destina 7,3 millóns de euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Estas achegas foron analizadas hoxe no Consello da Xunta e o Goberno galego pon á disposición do sector afectado pola paralización temporal da actividade nestes bancos unha decisión adoptada como medida técnica de conservación. O período da parada foi debatido coas confrarías de pescadores implicadas e quedou establecido para o libre marisqueo na ría de Arousa do 1 xaneiro ao 31 de marzo de 2024; en Noia e ría Pontevedra, do 1 febreiro ao 30 de abril de 2024, e no banco percebeiro de Bueu, do 1 de abril ao 30 de xuño de 2024.

Serán beneficiarias as persoas armadoras e tripulantes das embarcacións da 3ª lista -de pesca profesional con porto base en Galicia afectadas pola paralización da actividade. As persoas interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *DOG* nos vindeiros días. O prazo para presentalas será dun mes contado desde o día seguinte á súa publicación.

A posibilidade de habilitar estas axudas á paralización temporal para aplicar medidas de conservación como os períodos de descanso biolóxicos dos recursos aparece recollida no regulamento do Fempa. Realízase para favorecer as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e para impulsar o desenvolvemento da actividade de xeito sustentable.